

Ola, benqueridísimo alumnado!

Isto remata. Entramos na última semana de clase e o venres estaredes de vacacións.

Mágoa de final, mais aínda seguimos coa esperanza de vernos durante este mes de xuño. Por parte do voso profesorado, non dubidedes en que estamos a buscar a forma para conseguilo.

Xa vistes que esta semana deixamos o saúdo para o luns para que tiverades unha fin de semana relaxada e así prepararvos para este sprint final con videoconferencias.

Hoxe, luns, recibiredes o **enlace coa convocatoria e a hora para participar mañá martes** nas videoconferencias cos vosos profes e compañeiros/as. Cada aula a unha hora diferente coa fin de non coincidir os irmáns (En moitas casas hai un só dispositivo electrónico) e así os profes que vos dan clase poden participar tamén. Ás 13h unirémonos todos á de 6°C , á que tamén se unirán representantes do IES Rego da Trabe para darse a coñecer. Este ano, por circunstancias que todos sabemos, non puidemos realizar a visita presencial ao IES mais eles preparáronvos unha virtual. Visualizáchedela no blog o venres? Esperamos que si. Se non o vistes, aínda estades a tempo antes de mañá.

Os que formades parte do club de lectura teredes outra con Mónica e con María. Será o **mércoles 17 ás 16:00h** os que lestes **O que sei do silencio** e o **xoves 18 ás 16:00h** para os que lestes **Wonder**. Recibiredes o enlace para participar.

E preguntaredesvos....Que tarefa nos poñen as profes para esta semana? Descansar, disfrutar, estar atentos á videoconferencia (colgaremos mañá un video noso con instrucións clariñas para que non haxa dúbidas) e participar no reto semanal sobre receitas. Como vedes, respíranse vacacións!!!

Non nos imos despedir agora xa que aínda tedes que pasar polo cole a buscar cousiñas pendentes así que....ATA PRONTO!!

Vémonos nuns días, xa veredes!!

Bicos mil, rapazada!!

